

Recurso nº 6 /2019**Resolución nº 18/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 24 de xaneiro de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por D. F.J.H.G. actuando en nome e representación de INDO OPTICAL, S.L. contra a exclusión da súa oferta para o lote 6 dunha subministración de oftalmoloxía con destino a varios hospitais do Servizo Galego de Saúde, referencia AB-SER2-18-011, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Servizo Galego de Saúde convocouse a licitación do contrato dunha subministración de oftalmoloxía con destino a varios hospitais do Servizo Galego de Saúde, referencia AB-SER2-18-011, dividida en 18 lotes, cun valor estimado declarado de 1.312.400 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación no DOUE o 06.10.2018 e na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o 02.10.2018.

Segundo.- O expediente da licitación recolle que a mesma estivo sometida á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP, en diante).

Terceiro.- A mesa de contratación en sesión do 20.12.2018 acordou a exclusión da licitación do lote 6 ao non cumprir os mínimos establecidos no PPT, polos seguintes motivos: *“El rango del campo de visión del equipo ofertado alcanza hasta 14 mm, siendo un valor inferior al mínimo solicitado de 34 mm”*. Foi comunicada o 27.12.2018.

Cuarto.- O 03.01.2019 INDO OPTICAL, S.L.U. interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través do formulario telemático existente a tal fin na sede electrónica da Xunta de Galicia, con enlaces cara a mesma na web deste Tribunal. Solicitada emenda sobre a representación, esta foi aportada.

Quinto.- Con data 08.01.2019 reclamouse ao Servizo Galego de Saúde o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP). A documentación foi recibida neste Tribunal o día 15.01.2019 e o informe o 21.01.2019.

Sexto.- Trasládouse o recurso aos interesados con data 16.01.2019, recibíronse as alegacións da empresa TOPCON ESPAÑA, S.A.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- O recorrente posúe lexitimación para o recurso especial porque foi licitador na contratación no lote 6 sendo a súa oferta excluída, polo que a revogación desa decisión lle ocasionaría un beneficio.

Cuarto.- Dadas as datas, o recurso se interpuxo dentro do prazo.

Quinto.- En canto á impugnabilidade do acto, a exclusión efectuada pola mesa de contratación figura expresamente no artigo 44.2.b LCSP, sendo o valor estimado da contratación da subministración superior á contía de 100.000 euros, polo que o recurso é admisible.

Sexto.- As explicacións do recorrente foron unicamente: *“el campo de visión real de la lámpara de hendidura ofertada modelo SM-700GL Takegi es el comprendido entre 5,5 y 35,9 mm, según figura en catálogo incluido, superior en ambos casos a los mínimos exigidos de entre 6 y 34 mm”*.

Pola súa parte, as alegacións formuladas por TOPCON ESPAÑA, S.A. sinalan que o rango do campo de visión da lámpara que ofertou o recorrente é só ata 14 mm, polo que non cumpre co exigido no PPT e considera que non debe admitirse nova documentación.

O órgano de contratación afirma que foi o propio recorrente que, na súa oferta, expresou unhas características do produto non aceptables para o recollido nos pregos.

Sétimo.- Este TACGal considera que a exclusión é conforme a dereito porque partindo do que constaba no procedemento de adxudicación a oferta presentada pola empresa INDO OPTICAL SLU incumpría os mínimos establecidos nos PPT respecto ao rango do campo de visión solicitado.

O PPT respecto ao rango do campo de visión solicitado para o lote 6 era:

“Incluirá alomenos 5 campos de visión, comprendidos nun rango entre alomenos 6 e 34 mm.”

Pola súa banda, o recorrente describiu a lámpara ofertada con:

“Campos de visión incluídos (mm): 0,2-1-3-5-10-14 mm”

Resulta así evidente que a oferta descrita polo recorrente non cumpría as exigencias mínimas establecidas no PPT, como recolle o acordo de exclusión:

“El rango del campo de visión del equipo ofertado alcanza hasta 14 mm, siendo un valor inferior al mínimo solicitado de 34 mm”

Efectivamente, esa oferta presentada polo recorrente nese procedemento contaba cunha enquisa técnica, aportada e cumprimentada por esta empresa, onde, como vemos, esta sinala uns campos de visión incompatibles con esixido polo prego técnico, polo que sendo a correcta configuración da proposición a súa responsabilidade, procedía a exclusión decretada sen que este recurso especial e o que nel se aporte se poida transformar nun trámite para modificar a oferta cumprimentada e presentada por este licitador.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Desestimar** o recurso interposto por INDO OPTICAL, S.L. contra a exclusión da súa oferta para o lote 6 dunha subministración de oftalmoloxía con destino a varios hospitais do Servizo Galego de Saúde, referencia AB-SER2-18-011.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.